

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001683	IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia do mundo contemporáneo	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no "Decreto XX/2022, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar a realidade do centro ós preceptos neste recollido.

A materia proporciónalle ó alumnado unha visión útil e funcional da historia contemporánea, orientada a promover a observación, a análise e a interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social. O pensamento histórico, con estratexias e métodos que orientan o estudo do pasado, ponse ó servizo da comprensión do presente para afrontar así os retos que nos formula o século XXI. Porque é desde a observación do mundo actual de onde xorde a necesidade de dirixir a nosa mirada á historia, máis ou menos recente, para obter as claves coas que entender e mellorar o mundo no que vivimos.

Os problemas e retos que nos formula a realidade globalizada que configura a nosa contorna son múltiples e ineludibles, e non é posible atendelos sen os recursos que nos ofrece a historia contemporánea, que desde hai algo máis de dous séculos trata de lle dar resposta a boa parte destes mesmos desafíos. A materia proporciona ó alumnado experiencias acumuladas polas xeracións que nos precederon, no que xunto ós grandes logros, tamén cabe atopar erros, fracasos e feitos dolorosos que é preciso afrontar para aprender a evitar situacións semellantes.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga ó alumnado ó uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ó coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e fontes, así como á procura e ó tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

Dende a materia aspírase a fomentar que o alumnado adquiera e desenvolva un pensamento crítico, fundamentado e razoado, ó mesmo tempo que é quen de elaborar e transmitir coñecemento algo que, ademais de supoñer un uso avanzado de medios dixitais, implica tamén o desenvolvemento de estratexias comunicativas eficaces.

Na materia de Historia do Mundo Contemporáneo trátanse os temas e acontecementos fundamentais que marcaron o transcurso da historia contemporánea ata o mundo actual, así como os retos que é necesario afrontar no presente para encarar o século XXI. Este último aspecto sitúa a historia como un instrumento que non só é útil para analizar o presente, senón tamén para adoptar compromisos ante os retos que nos agardan como cidadáns do século XXI.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais.	2		2		11	1-2-3	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos da Idade Contemporánea, a través do emprego de fontes históricas fiables, a lectura de textos historiográficos e a elaboración de argumentos propios que preveñan a manipulación da información, para afrontar acontecementos traumáticos do noso pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes, recoñecer as vítimas e defender a aplicación do principio de xustiza universal.	1-5				11-31-40	1-2-3		
OBX3 - Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas.	3		1	5	12-31-40	2-3		
OBX4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron.	3-5				12-31	2-3		1-2
OBX5 - Identificar e recoñecer os principais retos do século XXI a través de procesos avanzados de procura, selección e tratamento da información, o contraste e a lectura crítica de fontes, para entender o fenómeno histórico da globalización, a súa repercusión no ámbito local e planetario e na vida cotiá das persoas, e mostrar a necesidade de adoptar compromisos ecosociais para afrontar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	3		5	1	20-40	3-4	1	
OBX6 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais no mundo contemporáneo, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, para tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia, e adoptar un compromiso activo coa sostibilidade, a defensa dos dereitos sociais e o acceso universal a recursos básicos.			4-5		20-50	3-4	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	3-5			3	12-31-40	2-3		
OBX8 - Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia dos personaxes anónimos da historia.	5		3	2	12-31-40	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A crise do Antigo Réxime e a revolución francesa	Abordarase a crise do Antigo Réxime e os inicios do parlamentarismo con exemplos en Inglaterra e Estados Unidos. O inicio da contemporaneidade a través do estudo da Revolución francesa e o Imperio. Arte Rococó e arte neoclásico.	8	11	X		
2	A Revolución Industrial	Nesta unidade explicarase a importancia da Revolución agrícola e o crecemento demográfico. Analizarase a importancia dunha nova fonte de enerxía como o vapor. Abordaranse as novas industrias e explicaranse novas correntes como o Liberalismo económico e o capitalismo. Arquitectura e escultura na segunda metade do século XIX.	6	11	X		
3	Segunda revolución industrial e imperialismo	Nesta unidade seguiremos analizando o crecemento industrial e o desenvolvemento urbano causa e consecuencia da segunda	5	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Segunda revolución industrial e imperialismo	revolución industrial. Falaremos das causas do Imperialismo e das súas consecuencias territoriais. Analizaremos os cambios producidos entre 1870 e 1914. A pintura na segunda metade do século XIX.	5	10	X		
4	Os cambios sociais. O movemento obreiro	Nesta unidade analizaremos a nova sociedade industrial. O crecemento das cidades, consecuencia da nova era industrial. Valoraremos o papel da muller dentro da sociedade traballadora do século XIX. Abordaremos as primeiras organizacións obreiras coas súas propostas revolucionarias. A consolidación dos partidos e sindicatos e explicaremos o primeiro feminismo e o proceso de conquista do dereito ao voto.	7	10	X		
5	Liberalismo e nacionalismo	Nesta unidade falaremos dos ciclos revolucionarios de 1830 e 1848. Das unificacións de Italia e de Alemaña e o surximento dos novos estados liberais. Analizaremos os vellos imperios: ruso, austro-húngaro e otomano e finalizaremos falando de dous estados extraeuropeos: os EUA e Xapón. Para finalizar abordaremos o estilo artístico do Romanticismo.	8	11	X		
6	A Gran Guerra	Nesta unidade abordaremos e analizaremos as causas da Primeira Guerra Mundial e o seu desenvolvemento. Estudiaremos a Rusia tsarista e explicaremos as revolucións rusas de 1917, pasando pola guerra civil hasta chegar á creación da URSS. Finalizaremos analizando as consecuencias da Primeira Guerra Mundial. As vanguardias artísticas na primeira metade do século XX.	9	11		X	
7	O mundo despois da Primeira Guerra Mundial	Nesta unidade falaremos dos felices anos vinte. Empezaremos abordando os duros anos de posguerra, pasando do pesimismo á esperanza. Analizaremos a irrupción da sociedade de masas e a realidade final da crise de 1929 coas súas consecuencias explicando a Gran Depresión e unha posible solución a través do New Deal. A arquitectura e a escultura na primeira metade do século XX.	6	8		X	
8	O auge dos totalitarismos	Nesta unidade analizaremos os ascenso dos totalitarismos e o retroceso das democracias en Europa. Estudiaremos a Stalin e o totalitarismo soviético, ao fascismo italiano e o proceso de nazificación de Alemaña. Facendo unha mención á Guerra Civil Española, a súa internacionalización e o exilio republicano español.	7	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	A Segunda Guerra Mundial	Nesta unidade desenvolveremos e analizaremos as causas da guerra. A ofensiva nazi e o dominio europeo nazi. Abordaremos o avance e a vitoria dos aliados para finalizar co análise das consecuencias da guerra. Arquitectura e escultura na segunda metade do século XX.	8	8		X	
10	A división do mundo en bloques. A Guerra Fría	Nesta unidade explicaremos o concepto de Guerra Fría e os seus inicios. Analizaremos a incursión dun novo protagonista como China. Coñeceremos as numerosas guerras durante a Guerra Fría. Analizaremos a polarización entre sociedades capitalistas e sociedades comunistas. Abordaremos o auxe e a crise da Guerra Fría e finalmente a caída do bloque soviético e a fin da Guerra Fría. A pintura na segunda metade do século XX.	9	10		X	
11	Descolonización e neocolonialismo	Nesta unidade explicaremos as causas da descolonización. Desenvolveremos as primeiras independencias en Asia. Analizaremos a Conferencia de Bandung e que significa o non aliñamento. Abordaremos a descolonización de África. Finalizaremos analizando en conxunto a Independencia e as súas consecuencias plasmadas no neocolonialismo. Manifestacións artísticas da segunda metade do século XX.	8	11			X
12	A construción da Unión Europea	Nesta unidade analizaremos os antecedentes do proxecto europeo, todo o proceso de construción da Unión Europea, o seu funcionamento. Estudiaremos os desafíos globais aos que se enfrenta a Unión Europea.	5	11			X
13	A xeopolítica do século XXI	Nesta unidade analizaremos aos Estados Unidos, como primeira potencia mundial. Abordaremos o seu cuestionamento ante China, como novo líder mundial. Estudiaremos a Rusia analizando os conflitos post-soviéticos. Falaremos da zona Indo-Pacífico e explicaremos o concepto de xeopolítica para o desenvolvemento a través de dous exemplos como América e África.	9	10			X
14	Os retos do mundo actual	Nesta unidade explicaremos o ecosistema tecnolóxico, a través da análise dun novo contexto socioeconómico. Explicaremos o concepto de A aldea global. Analizaremos a Axenda 2030. Falaremos do Posmodernismo e das ideoloxías alternativas e para finalizar abordaremos a inestable situación do planeta. Arte e as novas tecnoloxías.	5	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A crise do Antigo Réxime e a revolución francesa	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	É capaz de entender as causas do Antigo Réxime e da Revolución francesa e porque este acontecemento se considera o inicio da era contemporánea.	PE	90
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente demostrando que sabe identificar o proceso de cambio e revolución representado pola revolución francesa.		
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de comprender e explicar as diferentes etapas da Revolución francesa, cos seus correspondentes protagonistas.		
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de traballar con diferentes documentos e fontes históricas e de producir traballos de investigación histórica sobre a caída do Antigo réxime e o advenimiento dos ciclos revolucionarios.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado. - A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción. - A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios.

UD	Título da UD	Duración
2	A Revolución Industrial	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre os ciclos económicos e a súa relación social, política e ambiental. Sabe diferenciar entre o liberalismo económico e o capitalismo.	PE	90
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	É capaz de analizar e entender as condicións de vida na nova sociedade industrial, a súa conflitividade en relación co obrerismo.	TI	10
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	É capaz de realizar proxectos de investigación sobre a evolución da poboación, entende os diferentes ciclos demográficos e exerce empatía hacia os grupos marxidados dunha sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. - Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxidados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea. - Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

UD	Título da UD	Duración
3	Segunda revolución industrial e imperialismo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Responde con suficiencia a cuestións vinculadas coa segunda revolución industrial, as causas do imperialismo e os imperios territoriais.	PE	80
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de distinguir e diferenciar a través de distintas fontes que impacto ten o imperialismo do século XIX na actualidade. É capaz de debatir sobre as colonias do pasado e o Terceiro mundo actual..	TI	20
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de distinguir e diferenciar a través de distintas fontes que impacto ten o imperialismo do século XIX na actualidade. É capaz de debatir sobre as colonias do pasado e o Terceiro mundo actual.		
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	É capaz de comparar e contrastar a través de proxectos de investigación o crecemento demográfico e o desenvolvemento urbano.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización. - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. - Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxidados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea. - O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral. - Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado. - Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
4	Os cambios sociais. O movemento obreiro	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de entender e valorar os principais proxectos sociais, políticos e culturais como novos movementos sociais implicados na defensa dos dereitos sociais.	PE	90
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	Responde con suficiencia a cuestións vinculadas coas condicións de vida e de traballo da muller e sobre a conquista do dereito a voto.		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre os novos movementos sociais: primeiras organizacións obreiras, consolidación de partidos e sindicatos e o 1º feminismo.		
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de traballar con documentos históricos empregando conceptos e distintos métodos sobre a evolución das organizacións obreiras e do feminismo, as propostas revolucionarias e a súa consolidación.	TI	10
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	É capaz de realizar con rigor histórico traballos de investigación sobre a consecución de melloras nas condicións de vida e traballo da clase traballadora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas. - Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Movements sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas. - A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida.

UD	Título da UD	Duración
5	Liberalismo e nacionalismo	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre o ciclo revolucionario do XIX, sobre as unificacións italiana e alemá e avalía os vellos imperios ruso, austro-húngaro e otomano.	PE	90
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	É capaz de definir e interpretar por medio de producións históricas propias, documentos históricos alleos como se produciu o avance desde o liberalismo cara á democracia.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción. - O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea. - As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.

UD	Título da UD	Duración
6	A Gran Guerra	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Analiza o nacemento dos réximes democráticos e totalitarios no século XX, a través de diferentes documentos históricos.	PE	90
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Responde con suficiencia a cuestións relacionadas coas causas e as consecuencias dos conflitos ocorridos durante a Gran Guerra.		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Distingue os principais sistemas políticos democráticos e autoritarios no século XX e XXI e analiza as súas consecuencias.		
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de distinguir e analizar as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais a través da análise de producións históricas e do tratamento de fontes historiográficas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición. - Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea. - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.

UD	Título da UD	Duración
7	O mundo despois da Primeira Guerra Mundial	8

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	É capaz de responder satisfactoriamente á unha proba escrita sobre a situación do mundo despois da primeira guerra mundial e da crise do 29.	PE	45
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	É capaz de analizar fontes vinculadas cos felices anos 20 e a Gran Depresión e entender a partir delas as súas causas e consecuencias.	TI	55
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Interpreta mediante unha análise crítica de textos históricos e fontes diversas e actuais a irrupción da sociedade de masas.		
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Analiza diferentes ritmos e modelos de crecemento, e ritmos e modelos de crise, sobre a gran depresión e a solución transitoria do New Deal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática. - Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.

UD	Título da UD	Duración
8	O auxe dos totalitarismos	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	É capaz de responder a valorar de modo satisfactorio e suficiente a cuestións relacionadas co retroceso das democracias en Europa e o auxe dos totalitarismos.	PE	90
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	É capaz de realizar análises críticas sobre as consecuencias do totalitarismo nas súas diferentes variantes.		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Recoñece o totalitarismo soviético, o fascismo e o nazismo por medio de producións históricas guiadas.	TI	10
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Debate sobre a intolerancia e a tolerancia na historia do mundo contemporáneo a través de testemuñas de minorías perseguidas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática. - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial. - Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
9	A Segunda Guerra Mundial	8

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	É capaz de valorar por medio dunha proba escrita de modo satisfactorio e suficiente as causas e consecuencias da segunda guerra mundial.	PE	85
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Recoñece por medio de diferentes fontes históricas como a barbarie e a destrución abriron as portas ós dereitos humanos.	TI	15
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Explica e interpreta grazas a diferentes fontes principalmente históricas quen son as principais vítimas da guerra: a poboación civil.		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Describe mediante producións bibliográficas e testemuñas da época que actitudes adoptou a poboación civil ante a ocupación nazi.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición. - Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea. - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.

Contidos

- Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.

UD	Título da UD	Duración
10	A división do mundo en bloques. A Guerra Fría	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	É capaz de responder a unha proba escrita de modo satisfactorio e suficiente sobre os inicios e o desenvolvemento da guerra fría.		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Distingue e diferencia a través de diferentes fontes históricas as sociedades capitalistas e as sociedades comunistas.	PE	90
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Responde con suficiencia e analiza a través de diversas fontes aspectos relacionados coa caída do bloque soviético e co fin da guerra fría.		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Recoñece e explica mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos a loita polos dereitos civís fronte á segregación racial.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.

- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.

Contidos
- Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.

UD	Título da UD	Duración
11	Descolonización e neocolonialismo	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	É capaz de responder do modo satisfactorio e suficiente a cuestións e actividades vinculadas coas causas da descolonización en Ásia, África, o seu desenvolvemento e as súas consecuencias	PE	90
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Describe por medio de textos e fontes de información actuais como se produciron as primeiras independencias e que consecuencias tiveron		
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Distingue o non aliñamento enmarcado dentro da conferencia de Bandung e analiza a independencia e o neocolonialismo empregando conceptos e métodos propios do pensamento histórico.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.
- Movements sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.
- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
12	A construción da Unión Europea	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Responde con suficiencia a cuestións vinculadas co proceso de construción da Unión Europea, as súas institucións e o seu funcionamento.	PE	90
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Interpreta o proxecto europeo ante os desafíos globais aos que se ten que afrontar, por medio de fontes históricas actuais, dende a gran recesión económica ó conflito ucraíno.		
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Explica por medio de producións históricas os antecedentes do proxecto europeo e os desafíos ós que tivo que facer fronte.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.

UD	Título da UD	Duración
13	A xeopolítica do século XXI	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Responde con suficiencia a cuestións e actividades relacionadas coas actuais superpotencias e sobre como exercen o seu poder configurando a nova orde internacional.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Reflexiona, analiza e debate a partir de diversas fontes sobre como como exercen as superpotencias a súa influencia na actualidade.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os conflitos fraticidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia. - A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións. - Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva. - Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos. - Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema.

UD	Título da UD	Duración
14	Os retos do mundo actual	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	É capaz de realizar con suficiencia actividades e preguntas relacionadas cos novos movementos sociais, co novo contexto socioeconómico e cos principais retos do século XXI	PE	90
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Discusión mediante diversas fontes actuais a que nos enfrontamos neste xa entrado século XXI e a que retos se enfronta o planeta e a sociedade como protagonistas indiscutibles.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural.
- A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro.
- Comportamento ecosocial: movementos en defensa do medio ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- Cidadanía ética dixital: respecto pola propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.
- Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e ós ritmos de aprendizaxe do alumnado, debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e colaborativo por parte do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e ós estudos posteriores.

Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Historia do Mundo Contemporáneo, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ó mesmo tempo.

Trátase dunha metodoloxía dirixida a implicar ó alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe para que adquira as habilidades que lle permita construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que vive, construír a súa propia identidade, que poida desenvolver un pensamento crítico e para que poida seguir aprendendo.

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesorado á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos, textos, mapas, gráficas, estatísticas) cunha metodoloxía baseada no sistema de reconstrución, é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos materiais de traballo (libro de texto ou os materiais diversos proporcionados/apuntados polo profesorado) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesorado. Con isto intentarase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe significativa.

Pola súa parte, o profesorado despregará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo.

O profesorado deberá buscar situacións próximas ó alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Do mesmo xeito, creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer e, en definitiva, a xustificar e a interpretar con rigor.

Por último, para poñer en práctica o dominio dos contidos básicos das Ciencias Sociais o alumnado levará a cabo traballos de investigación de maneira individual ou grupal.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Apuntamentos do docente
Aula virtual do centro
Caderno de traballo do alumnado
Recursos audiovisuais, bibliográficos e gráficos
Presentacións interactivas por medio de apps
Material cartográfica e documentos históricos
Gamificación
Novelas históricas e gráficas

Para a práctica e desenvolvemento da materia na aula contamos cunha grande diversidade de recursos perfectamente utilizables para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ó longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

Ademais do libro de texto empregárase material complementario, elaborado polo docente, que se acomode ós diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula.

O alumnado empregará un caderno de traballo individual que será observado e avaliado polo docente e no que desenvolverá parte dos traballos e tarefas asociadas á materia.

As novelas históricas e gráficas serán tratadas como apoio ós contidos dunha forma lúdica ó igual que certas gamificacións que serán empregadas a modo de cuestionarios (Kahoot).

Por último, empregáranse diferentes materiais (táboas, cartografías, fontes escritas, gráficos, etc.) cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación para dar cobertura ós contidos da materia e para dar resposta ás diferentes necesidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

A proba inicial ou diagnóstica realizarase ó comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se

descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar ós distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Dita proba inicial realizarase dependendo de cada unidade, pero, en liñas xerais, consistirá na elaboración de cuestionarios, test, debates ou no visionado de material gráfico ou audiovisual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	6	5	7	8	9	6	7	8	9
Proba escrita	90	90	80	90	90	90	45	90	85	90
Táboa de indicadores	10	10	20	10	10	10	55	10	15	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	5	9	5	100
Proba escrita	90	90	90	90	86
Táboa de indicadores	10	10	10	10	14

Criterios de cualificación:

A materia está dividida en tres partes correspondentes a cada unha das avaliacións do curso. Para aprobar a materia precísase obter unha avaliación positiva (cinco puntos ou superior) na media das tres, sempre e cando ningunha avaliación figure cunha nota inferior a tres puntos.

En termos xerais, está prevista a realización de dúas probas escritas por avaliación, e só se fará media de ditas probas a partir do 3 de puntuación.

As probas escritas poderán incluír os seguintes aspectos:

- Comentario e mapas, textos, gráficos ou táboas estatísticas de contido histórico.
- Cuestións que permitan relacionar correctamente feitos e conceptos.
- Definición e contextualización de termos.
- Cuestións teóricas que sirvan para analizar a madureza dos coñecementos e da expresión escrita.
- Preguntas tipo test.
- Actividades de localización xeográfica.

A cualificación das probas escritas será de 0 a 10. Cada cuestión ou pregunta do exame estará acompañada da puntuación outorgada á mesma e a suma total deberá ser de 10 puntos.

A cualificación media final dos exames de cada avaliación será aplicable a porcentaxe establecida (90%).

Con respecto ás actividades e o traballo do alumnado que se mencionan nas unidades didácticas a través do instrumento de táboa de indicadores, este consistirá na realización de prácticas, comentarios, debates, tarefas con fontes históricas, materiais audiovisuais, lectura de recursos bibliográficos, etc. A aportación a cada avaliación deste tipo de actividades será dun 10% na nota da avaliación.

Os traballos serán informados na clase con antelación suficiente á data que se estableza para a súa recollida ou revisión. Non será aceptado ningún traballo fóra da data establecida (agás causa xustificada e debidamente acreditada).

O plaxio evidente, total ou parcial, dunha proba, actividade ou traballo significará que esta sexa cualificada cun 0. Ante calquera dúbida sobre a identidade do infractor, o docente poderá convocar ó alumno ou alumna polos medios dispoñibles para a súa aclaración e proceder en consecuencia.

Contemplarase tamén a posibilidade de aprazar as probas presenciais no caso de ausencias temporais do alumnado afectado por circunstancias xustificadas e acreditadas. Nestes casos, as probas realizaranse no prazo máis breve posible a partir da súa reincorporación ás aulas de acordo co docente encargado da materia. Caso de producirse imponderables non contemplados previamente, o docente decidirá consonte ó seu criterio.

Con respecto ó cálculo da cualificación de cada unha das avaliacións, redondearase ó número enteiro superior no caso de que as décimas teñan un valor igual ou maior a 5 e redondearase ó enteiro inferior no caso de que estas teñan un valor inferior a 5. Deste xeito un 5,5 tería unha cualificación de 6 e un 5,49 unha cualificación de 5.

Con respecto á avaliación final ordinaria, para aprobar a materia precísase obter unha avaliación positiva (4,5 puntos como mínimo) na media das tres avaliacións, sempre e cando ningunha avaliación figure cunha nota inferior a 3 puntos.

Criterios de recuperación:

Para recuperar as avaliacións suspensas esixirase a realización dunha proba escrita por avaliación na que se considerará superada cando a súa cualificación sexa de, como mínimo, 4,5 puntos. O tipo de proba será semellante ás realizadas con anterioridade. Ademais o alumnado debere facer entrega de todos os traballos e actividades que non realizara durante a avaliación, no caso de non acadar ese 10% que lle corresponde da avaliación.

Ás probas de recuperación tamén poderán presentarse as alumnas e alumnos interesados en mellorar a súa nota de avaliación. Se a puntuación obtida nesa proba é superior á nota media dos exames da avaliación que desexa mellorar aplicaráselle a parte proporcional correspondente ó traballo realizado durante a avaliación, así como o correspondente á actitude e o redondeo correspondente.

Entre finais de maio e principios de xuño farase unha proba de recuperación final para aquel alumnado que teña algunha ou todas as avaliacións suspensas. No caso no que só teña unha avaliación suspensa e a nota media sexa de 4,5 puntos ou máis, estarán exentos de realizala e se lles dará o curso por aprobado. Esta proba de avaliación final será semellante ás realizadas durante o curso. Pode darse algunha variación na estrutura ou na cualificación pero, en todo caso, serán mínimas. No caso de non ter acadado o 10% correspondente ós traballos e actividades, o alumnado poderá presentalos para sumar dita porcentaxe.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Aplicaranse medidas de reforzo, se o docente o considera necesario, naqueles casos nos que se detecte que non se acadaron os obxectivos establecidos ou ben que existen dificultades que impiden o progreso do alumnado. En tal caso proñoñeranse actividades que permitan unha recuperación axeitada, así como abordar os contidos de maneira diferente.

A criterio do docente correspondente poderanse indicar as actividades a realizar para mellorar a cualificación naquel alumnado que non acade o 5.

Con respecto a aquel alumnado que teña pendente a materia de Xeografía e Historia de cursos anteriores:

- Realizará dúas probas parciais en xaneiro e maio. As datas concretas serán publicadas nos taboleiros do centro, na páxina web, e tamén serán recordadas polo profesorado da materia. Os contidos e as dúbidas que poidan espertar os mesmos serán aclarados polo docente da materia do curso no que estea matriculado.

A materia pendente poderase recuperar a través da realización das probas parciais, xa que aprobando ambos parciais ó obter un 5 como mínimo en cada un deles o alumnado tería recuperado a materia.

Aquel alumnado que non acadase deste xeito os contidos mínimos esixidos e, polo tanto, non aprobase a materia, poderá realizar no mes de maio, e se é necesario na convocatoria extraordinaria, unha proba final na que entrarán todos os contidos. Estas probas terán unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso.

6. Medidas de atención á diversidade

As vixentes disposicións, protocolos e normas indican, tamén no bacharelato, que se debe dar un tratamento específico ó alumnado que, polas súas circunstancias, o precisen e, polo tanto, facer as adaptacións curriculares necesarias.

Neste sentido, en cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados que poidan detectar posibles necesidades que paliar.

O profesorado seleccionará de entre todos os contidos os que mellor se adapten ó nivel do seu alumnado. O proceso de avaliación servirános tamén para facer un tratamento diferenciado ó alumnado. Utilizando as diferentes actividades propostas nesta programación, descubriremos as carencias e deficiencias fundamentais e, por conseguinte, propoñeremos as tarefas axeitadas para alcanzar os obxectivos específicos axeitados para cada estudante.

En xeral, procurarase proporcionar ó alumnado, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial		X	X					
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X			X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores			X			X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Igualdade de xénero		X		X			X	X
ET.8 - Creatividade		X	X			X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial						X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X		X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X		X	X	X	
ET.7 - Igualdade de xénero			X			
ET.8 - Creatividade	X		X			X

Observacións:

Ó longo da materia serán traballados todos os elementos transversais, en especial os relacionados coa comprensión lectora e a expresión oral e escrita, xa que o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos e realizar comentarios históricos.

A programación debe comprender a prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia e a historia contemporánea proporciona numerosos exemplos de fenómenos e feitos históricos que serven para reflexionar sobre as causas da violencia, o racismo, a xenofobia e as súas terribles consecuencias.

Como actitudes directamente relacionadas cos contidos conceptuais e procedimentais poden destacarse:

- Rexeitamento do dogmatismo referido a feitos e fenómenos históricos.
- Reflexión continua sobre as causas e consecuencias dos feitos históricos e sobre a responsabilidade do ser humano como motor da historia.
- Interese por buscar lazos de unión entre as diferentes culturas e sociedades do mundo actual, valorando positivamente o papel dos organismos que traballan na defensa dos dereitos humanos e da paz.
- Tolerancia ante diferentes puntos de vista e opinións.
- Respecto ás distintas culturas, formas de vida e pensamento existentes ó longo do tempo e no momento actual.
- Disposición favorable cara o entendemento entre as persoas e a participación democrática.
- Valoración positiva do traballo solidario, a cooperación e a colaboración cos demais.
- Rexeitamento a calquera tipo de violencia e de discriminación.

A prevención da violencia, o racismo e a xenofobia atópase directamente relacionada con temas transversais como os dereitos humanos e a paz, a educación moral e cívica, a igualdade de xénero ou a multiculturalidade e interculturalidade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Actividade complementaria programada ao inicio do curso			
Asistencias a charlas	Actividade complementaria programada ao inicio do curso			
Excursións de interese didáctico	Actividade complementaria programada ao inicio do curso			
Proxección de elementos audiovisuais (cine, documentais) de interese para a materia	Actividade complementaria programada ao inicio do curso			

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado, así como a saír da rutina. Ademais, permiten afondar nos contidos do currículo, comprobar a súa aplicación real e, a nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado e axúdalles a desenvolver a súa creatividade e a descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas axeitadamente, sexan motivadoras e se adapten ó nivel de comprensión do alumnado.

Para a súa preparación e realización estableceranse tres fases diferenciadas:

- Unha primeira, previa a súa realización, na que se preparará ó alumnado facilitándolles información sobre a temática da actividade e propoñéndolles tarefas para facer durante o seu desenvolvemento.
- Unha segunda fase consistente na actividade propiamente dita, durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
- Unha terceira na que se comprobará na aula o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realiza avaliación inicial
Demostra coñecemento da materia
Planifica as clases, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Motiva ó alumnado
Ofrece posibilidades de recuperación

É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Atende e resolve as dúbidas
É innovador/a
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo
Sabe dirixir as clases
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foron axustadas
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras.
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Os criterios de cualificación foron axustados.

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entornó a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario en base á responder SI ou NON será proporcionado ó alumnado ó final de cada avaliación ou ó remate do curso para ser respondido de forma anónima. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía empregada.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala do 1 ó 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que impartan as diversas materias e nas reunións mensuais do departamento.

Nas reunións de departamento se analizará o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso.

Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudo propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre alomenos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.
- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

9. Outros apartados